

As loitas forzan que se fale do prezo mínimo no leite



As rúas de Lugo e Santiago foron os escenarios da “Semana en Branco” con multitudinarias tractoradas e manifestacións do sector lácteo galego.

O SLG NON ASINA O ACORDO DE MADRID POR NON GARANTIR UN PREZO MÍNIMO PARA O LEITE

A sinatura do acordo de Madrid por parte das organizacións agrarias agás o SLG e a COAG, foi froito dun pacto feito por riba dos intereses dos gandeiros e gandeiras para desmobilizar un sector que leva meses de importantes accións reivin-

dicativas, intensificadas durante a Semana en Branco pola Dignidade do Sector Leiteiro, do 13 ao 17 de xullo. Dende o o Sindicato Labrego Galego cualificamos este acordo de “pantomima desmobilizadora”. Nós non asinamos, nin asinaremos, ningunha canti-

dade que non nos cubra, polo menos, os custos de produción. Imos seguir defendendo que teñamos un prezo xusto para poderemos vivir do noso traballo, e non o faremos en solitario, senón ao carón do sector leiteiro da Galiza.



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Charo Sánchez
Parga, Antón Sánchez García,
Xabier Gómez Santiso, Xosé
Ramón Cendán, Xosé Manuel
Parente, Margarida Prieto
Ledo, Ana Rodríguez.

Deseño e maquetación:

Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



sindicato
labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981
703169
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso, nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tif. 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tif. 630 970 131
VERIN - Travesía de Sosas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tifno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.
982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entechán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISS Tif/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entechán E. Tif/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entechán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

2 / SUMARIO

nº 273
Verán de 2009



Editorial, pax. 3

■ Se a lexislación agraria é a nivel europeo e en Francia acordan cada ano un prezo cun tope mínimo e máximo, por que no Estado español o Tribunal da Competencia di que non se lle pode poñer un prezo mínimo ao leite?



Galiza, paxs. 4, 5, 6 e 7

■ Analizamos algúns dos cambios que se deron na Política Agraria Común (PAC)

■ SEMANA EN BRANCO POLA SUPERVIVENCIA DO SECTOR LEITEIRO. Tractoradas en Lugo e Compostela os días 13, 14, 15, 16 e 17 de xullo

Aldea Global, pax. 8

■ Unha delegación do SLG participa na manifestación do sector lácteo en Estrasburgo convocada pola Coordinadora Europea Vía Campesina. Lidia Senra, presente nesta delegación, trasladou ás eurodiputadas/os da Comisión de Agricultura as nosas propostas



Sectores Gandeiros, pax. 9

■ Os grandes enganados da gandeiría da Galiza. Cómpre valorar non só polos cartos que xenera cada actividade.

■ A caída do prezo da carne de coello pon en grave risco ao sector cunícola. No 2008 pecharon o 40% das granxas do Estado

Sectores Vexetais, paxs. 10 e 11

■ É primordial contar cunha lei propia que regule o sector forestal de acordo coas particularidades do noso país. Achegámonos ao Plan de Defensa contra os Incendios Forestais da Galiza (PLADIGA 2009)

■ O SLG asina o Contrato Homologado na D.O. Rías Baixas



Mulleres, pax. 12


■ Primeira reunión entre a Secretaría das Mulleres do SLG e a Secretaría Xeral de Igualdade

■ SUPLEMENTO INFORMATIVO: subministro eléctrico no mercado liberalizado

Agroecoloxía, pax. 13

■ O SLG denuncia á Consellaría de Medio Rural ante a de Medio Ambiente polo procedemento de control da praga da pulguilla do carballo

■ Galiza contará cun convenio co comercio minorista da alimentación



Eira, paxs. 14 e 15

■ Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, axudas para promover a afiliación á Seguridade Social, etc.

■ Anuncios de compra, venda e troco das nosas explotacións

Esta publicación está cofinanciada pola



O ACORDO DE PREZOS NO SECTOR LÁCTEO É UN ENGANO AOS PRODUTORES E PRODUTORAS. O SLG NON ASINOU.

SE ATOPAS NO CONTRATO DE PREZOS, UNHA CIFRA DE CANTO VAS COBRAR POLO LEITE, UNHA VIAXE Ó CARIBE.

O acordo patrocinado polo Ministerio de Agricultura que asinaron o 20 de Xullo en Madrid é un acordo a medida das distribuidoras, para gañar máis de 0,20l, namentras os produtores e produtoras nin sequera cubren custos.

Mais o principal chegará a partir de fin de ano, pois o acordo só contempla uns índices baseados sobre todo en Francia, o que significa a consecución, nin máis nin menos, da gran demanda histórica da industria-distribución, porque deste xeito poden incidir directamente nos prezos en Europa e no mundo, para poñer o prezo á produción igual ao Estado que teña menores custos no mundo. Este é un xeito de legalizarlle a especulación a estas compañías, sendo vítimas quen produce ou consume.

A REFERENCIA FRANCESA ao prezo do Leite en orixe é outro engano. Os índices de referencia en Francia son varios; prezos nas rexións, exportación... Pero as explotacións, sobre todo no occidente norte, onde está a gran maioría da produción, teñen terra xunta, a baixo prezo tanto para mercar como para alugar a través do banco de terras.

Teñen tamén un modelo de produción moito menos intensivo, basean a alimentación das vacas fundamentalmente no producido na explotación, con pequenos complementos, con vacas de menos produción e máis duración, o que trae consigo uns custos de produción moi inferiores aos nosos. A forma de tenencia, a ordeñación e o prezo da terra é en Francia unha responsabilidade do goberno, aquí non hai esa responsabilidade.

A REFERENCIA FRANCESA tampouco é comparable, porque conta cunha diversificación da cadea de

valor, onde o leite de cartón non supera o 50% do negocio. O resto de queixos e derivados de maior valor engadido xeran un sistema de primas que compensa dunha forma moito mais igualitaria ao conxunto do sector produtor, según os estándares ou a calidade, aparte de primas de retorno.

Aquí existe a prima de cantidade que Francia ten prohibida, e que é totalmente discriminatoria cos custos económicos e coa calidade. Polo que o prezo final a percibir aínda que nos poñan un diferencial por transporte pode ser menos que en Francia.

AS SUBVENCIONS, ONDE ESTÁN AS DIFERENCIAS? As bases para as axudas son semellantes, as diferencias están na estrutura. Ao ter terra suficiente, teñen as axudas consolidadas. As agroambientais aquí son difíciles de cumprir, e poucos/as as solicitan, en centroeuropa cumpren por estrutura territorial, o que xa é un cobro importante. Como conclusión as bases das axudas son similares, mais teñen a estrutura e a referencia histórica para aproveitalas, en tanto que nós, por estrutura ou por mala xestión non podemos aproveitalas, sobre todo porque os gobernos non estiveron á altura.

Isto é suficiente argumentación para que o prezo do leite na Galiza non poda ser o mesmo que en Francia. Sobre todo tendo en conta que nos atopamos nun Estado deficitario, e cos deberes da Administración e da industria sen facer. Ademais, namentras que o sector produtor en Francia estase a mobilizar porque gaña pouco, aquí nós non gañamos nin pouco nin moito: nós perdemos, e así desaparecemos.

O TRIBUNAL DA COMPETENCIA, ou da incompetencia, está ao servizo de políticas liberais de Goberno e multinacionais. Dende o SLG preguntámonos onde está este tribunal can-

do entra leite sobrannte doutros países por metade dos custos de produción (0,16 litro). Iso é *dumping*, e a nivel internacional o *dumping* e as subvencións, ou calquer outro tipo de financiamento á exportación, están penalizados e considerados a principal distorsión do mercado. Por que aquí non? Será para favorecer á industria-distribución? Serán presuntos cobradores de favores? Pois se non que tipo de tribunal é cando lexitima que quen produza perda, e ao tempo prohibe facer un acordo colectivo para fixar un prezo xusto que cubra custos e que teña en conta todos os intereses dende quen produce a quen consume? Ademais, se a lexislación agraria é a nivel europeo e en Francia acordan cada ano un prezo cun tope mínimo e máximo, por que no Estado español o Tribunal da Competencia di que non se lle pode poñer un prezo mínimo ao leite? Que tipo de europeos e europeas se supón que somos? E, por outra banda, os Parlamentos e os Gobernos están para igualar os dereitos de quen consume, produce, transforma, e comercializa e normativizar para que así sexa, con Tribunal da Competencia ou sen el.

Que facer agora despois da firma vergoñenta dese acordo? Poñerse en contacto co Sindicato e participar nas reunións para **acordar a posición común de todos os produtores e produtoras fronte ás empresas**. Isto é fundamental, pois se nos di-viden un por un, unha por unha, a próxima primavera pode ser moi difícil, pois se aplican o acordo asinado en Madrid baseado no prezo francés, hai que ter en conta que esta prima-vera o prezo francés foi moi preto dos 0,20 e nós non soportaríamos outro ano así. **Por todo o dito e co voso compromiso, o SLG seguirá a organizar medidas de presión e mobilización a todos os niveis.**

Algúns cambios na Política Agraria Común (PAC)

O “chequeo médico da PAC” modifica o réxime de pagamento único de 2.010 e o Plan de Desenvolvemento Rural Galego (PDR). Esta reforma que é do ano 2.003 aféctanos anos despois. Por iso, para

o SLG, é tan importante estar atentos e atentas ás decisións que se toman en Europa, porque índa que pareza que están moi lonxanas deciden, en moitos casos, a nosa vida como labregos e labregas.

Non podemos esquecer que, no caso do leite, esta baixada de prezos era para irnos preparando para o mercado liberalizado de 2015, aínda que se lles fora a man.

Sobre o pagamento único

Entre o 2010 e 2012 todas as axudas quedan desacopladas (é dicir, cóbranse polos dereitos que se posúan e non polo que se produza ou polos animais que se teñan) excepto a prima por vaca nodriza (e a do algodón, que na Galiza non temos).

No viñado. Asígnanse dereitos de pagamento único aos viticultores/as que participaron no réxime de arrinque ou na axuda por destilación de alcohol de uso de boca (tampouco nos afecta a Galiza).

Os sectores que se desacoplan totalmente no 2.010 e que nos afectan son: cultivos herbáceos

(aquí fundamentalmente ao millo, que permanecía acoplado nun 25%) e aos pagos por ovino e cabrún (que estaban acoplados nun 50%)

No 2.012 desacóplase a prima por sacrificio de gando bovino que permanecía acoplada nun 33%.

Modifícase o Plan de Desenvolvemento Rural Galego (PDR).

Aínda que moita xente lle pareza que as axudas ao Desenvolvemento Rural só son as axudas dos grupos que xestionan os Leader, isto non é así.

No PDR están incluídas, por exemplo: axudas a incorporacións e plans de mellora, contrato de explotación sustentable, indemnizacións compensatorias por ter a explotación en zonas de montaña ou desfavorecidas, aconsellamento, axudas aos consellos regu-

ladores, forestación, axudas a industrias agroalimentarias, turismo, proxectos dinamizadores, etc, etc.

Na Comisión de Seguimento do PDR galego que se celebrou o 25 de xuño, ao SLG chamoulle a atención:

1.- Os poucos cartos que se negociaron para Galiza. Se na asignación inicial tiñamos o 12% dos fondos FEADER do Estado, neste novo reparto temos o 1,9% dos fondos do Estado procedentes do Chequeo, o 2,53% dos fondos procedentes da modulación antiga, o 1,38% da OCM do viño e o 12% do Plan Europeo de Recuperación Económica (PERE). Non cadran as contas.

2.- Como estamos en crise, seguimos recortando. Neste aumento, a financiación do FEADER pode chegar ao 90%. Tanto o Goberno do

Estado como o Goberno da Galiza decidiron aportar o mínimo (o 10%)

3.- No PDR inicial estaba prevista unha financiación nacional adicional de case 6 millóns de euros. Redúcena a 1,5 millóns de euros co cal incrementáanse os fondos do PDR galego con cargo aos fondos FEADER, pero a Comunidade Autónoma aínda pon menos no cómputo final e o Ministerio nin tan sequera cofinancia en ningún caso.

O destino dos fondos:

1.- Os importes procedentes do Chequeo Médico e do PERE teñen que ir aos “novos retos”. No PDR galego destíñanos a “medidas de acompañamento de reestruturación do sector lácteo” e “enerxías renovables”.

Aínda que as medidas de acompañamento de reestruturación do sector

lácteo poidan parecer interesantes, o destino é para plans de mellora (10 millóns) e para as industrias lácteas (3 millóns). É o que hai.

En canto a enerxías renovables temos 2,2 millóns para que as explotacións nos dediquemos a producir biogás.

2.- Polo que se refire aos cartos procedentes da OCM do viño, (4 millóns de euros) non van para os viticultores/as senon para as industrias elaboradoras, as adegas.

Outra cuestión que se tratou, aínda que non era o lugar, e que ao SLG nos parece moi grave é que para as empresas as axudas de mínimos pasaron de 200.000 euros a 500.000 euros gracias a crise.

Para os labregos e labregas siguen en 7.500 euros, co cal limitáanse moitísimo as axudas que se poden conceder fóra do PDR.

Lidia Senra convidada polo L.S. Faísca para achegar as claves da crise do sector leiterio



Na tarde do pasado venres 3 de xullo Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG e Responsábel de Sectores Gandeiros na Coordinadora Europea Vía Campesina, convidada por segunda vez pola rapazada do local social *Faísca (Vigo)*, debullou as claves do conflito que arestora se está a dar no sector leiteiro da Galiza na procura dun prezo para o leite que nos permita vivir do noso traballo.

Encontro entre a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) e o Xefe de Servizo de Sanidade e Produción vexetal

O 15 de xullo tivo lugar o primeiro encontro entre a PGA (da que o SLG forma parte) e Ramón Lamelo Otero, representante do Goberno galego na Comisión de Biodiversidade estatal.

No encontro entregáronse as propostas mínimas que agardamos asumidas polo Goberno; do que requirimos tamén un posicionamento público en referencia aos OMX's, e un plan de posta en práctica dos acordos aprobados por unanimidade o 26 de novembro no Parlamento

R. Lamelo solicitou “un tempo” para traballar nas nosas propostas, concordando na importancia da necesidade de crear unha comisión multidisciplinar sobre os transxénicos onde teñan presenza os sectores sociais, así coma no establecemento de medidas de identificación e de control para garantir a rastrexabilidade dos produtos agroalimentarios, e a promoción, por parte do Goberno Galego, de alternativas aos pensos transxénicos.

O 17 de xuño máis de 2.000 tractores saíron ás rúas nas principais comarcas leiteiras de Galiza

O éxito desta tractorada convocada polo SLG dá un impulso ás mobilizacións do leite

Na asamblea do sector leiteiro celebrada en Vilalba o 9 de xuño, gandeiras e gandeiros do Sindicato Labrego Galego, procedentes de todas as comarcas da Galiza, adoptaron a decisión de mobilizarse cunha tractorada o pasado mércores 17 de xuño en diferentes comarcas do País.

Dende o SLG queremos deixar ben claro

que sabemos en mans de quen está solucionar a crise do sector: nas dos gobernos, sendo estes aos que temos que demandar que cumpran coa súa obriga de defender a supervivencia das explotacións leiteiras deste País.

É a súa responsabilidade loitar politicamente, traballar, para que sexan adoptadas dunha vez por todas medidas que nos permi-

tan ter un prezo que nos cubra os custes de produción e remuneren o noso traballo.

A tractorada en movemento tivo como resultado sete caravanas, con un total de máis de 2.000 tractores que circularon cara as vilas e cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Vimianzo, Chantada, Lugo e Ribadeo.



En Chantada saíron ás rúas medio cento de tractores.



Tamén foi un día para sacar con orgullo os nosos tractores de sempre. (Vimianzo)



O punto de encontro en Compostela foi o mercado de Salgueiriños, con máis de 500 tractores.

O 18 de xuño denunciámos que as multinacionais da distribución afunden o noso agro

O SLG nos actos unitarios contra a distribución

Dentro das mobilizacións conxuntas programadas polos tres sindicatos agrarios (SLG, UUAA e XXAA) para reivindicar a consecución dun prezo mínimo para o leite, na mañá do 18 de xuño tiveron lugar "visitas informativas" a multinacionais da distribución en establecementos de A Coruña (Carrefour-Alfonso Molina- e Alcampo), Santiago de Compostela (Lidl e Día) e Lugo (Carrefour e Eroski).

Malia que con resultado desigual nos tres puntos de mobilización, o obxectivo destas accións reivindicativas foi o reparto de panfletos informativos ás consumidoras e consumidores ao respecto da orixe do

leite, dando conta da directa vinculación entre o hábito de compra de marcas brancas e a progresiva desfeita do sector leiteiro.

Dende o SLG apelamos a que a cidadanía non apoie mediante o consumo ás grandes multinacionais da distribución, senón que se acheguen aos circuitos de distribución curtos, aos mercados locais, ás prazas de abastos, ao pequeno comercio e ás marcas que comercializan só leite producido na Galiza, xa que é deste xeito como se apoia ás produtoras e produtores de leite do noso País.



Esq.: "Mans arriba, isto é un atraco" no centro loxístico Mercagalicia. Der.: Entrega de leite galego na Cociña Económica. Compostela



Lupe Prado, Responsábel do Leite do SLG, dirixese aos/as manifestantes en Lugo.

O 17 de xuño máis de 2.000 tractores saíron ás rúas nas principais comarcas leiteiras de Galiza

O éxito desta tractorada convocada polo SLG deu un impulso ás mobilizacións do leite

Na asamblea do sector leiteiro celebrada en Vilalba o 9 de xuño, gandeiras e gandeiros do Sindicato Labrego Galego, procedentes de todas as comarcas da Galiza, adoptaron a decisión de mobilizarse cunha tractorada o pasado mércores 17 de xuño en diferentes comarcas do País.

Dende o SLG queremos deixar ben claro

que sabemos en mans de quen está solucionar a crise do sector: nas dos gobernos, sendo estes aos que temos que demandar que cumpran coa súa obriga de defender a supervivencia das explotacións leiteiras deste País.

É a súa responsabilidade loitar politicamente, traballar, para que sexan adoptadas dunha vez por todas medidas que nos permi-

tan ter un prezo que nos cubra os custes de produción e remuneren o noso traballo.

A tractorada en movemento tivo como resultado sete caravanas, con un total de máis de 2.000 tractores que circularon cara as vilas e cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Vimianzo, Chantada, Lugo e Ribadeo.



En Chantada saíron ás rúas medio cento de tractores.



Tamén foi un día para sacar con orgullo os nosos tractores de sempre. (Vimianzo)



O punto de encontro en Compostela foi o mercado de Salgueiriños, con máis de 500 tractores.

O 18 de xuño denunciámos que as multinacionais da distribución afunden o noso agro

O SLG nos actos unitarios contra a distribución

Dentro das mobilizacións conxuntas programadas polos tres sindicatos agrarios (SLG, UUAA e XXAA) para reivindicar a consecución dun prezo mínimo para o leite, na mañá do 18 de xuño tiveron lugar "visitas informativas" a multinacionais da distribución en establecementos de A Coruña (Carrefour-Alfonso Molina- e Alcampo), Santiago de Compostela (Lidl e Día) e Lugo (Carrefour e Eroski).

Malia que con resultado desigual nos tres puntos de mobilización, o obxectivo destas accións reivindicativas foi o reparto de panfletos informativos ás consumidoras e consumidores ao respecto da orixe do

leite, dando conta da directa vinculación entre o hábito de compra de marcas brancas e a progresiva desfeita do sector leiteiro.

Dende o SLG apelamos a que a cidadanía non apoie mediante o consumo ás grandes multinacionais da distribución, senón que se acheguen aos circuitos de distribución curtos, aos mercados locais, ás prazas de abastos, ao pequeno comercio e ás marcas que comercializan só leite producido na Galiza, xa que é deste xeito como se apoia ás produtoras e produtores de leite do noso País.



Esq.: "Mans arriba, isto é un atraco" no centro loxístico Mercagalicia. Der.: Entrega de leite galego na Cociña Económica. Compostela



Lupe Prado, Responsábel do Leite do SLG, dirixese aos/as manifestantes en Lugo.

Tractoradas conxuntas en Lugo e Compostela os días 13, 14, 15, 16 e 17 de xullo

SEMANA EN BRANCO POLA SUPERVIVENCIA DO SECTOR LEITEIRO



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, na rolda de prensa unitaria. En Santiago o 10 de xuño.



Tino de Muxía na tractorada de Compostela do día 13.



Tractorada en Lugo o día 14.



Forzas antidisturbios enviadas pola Subdelegación do Goberno impediron que fomos cos tractores até as áreas comerciais en Compostela o mércores 15. Fumos a pé.

Día 10 de xullo.

Higinio Mougán (Xerente de AGACA), Carme Freire (Secretaria xeral do SLG) Roberto García (Secretario xeral de UUAA), e Francisco Bello (Secretario Xeral de XXAA) anuncian en rolda de prensa conxunta unha semana de mobilizacións en Lugo e Compostela.

Día 13, luns.

Comezan a circular as gandeiras e gandeiros de toda Galiza nos seus tractores até Santiago de Compostela e Lugo. Comezan as tractoradas polas cidades.

Día 14, Martes.

Lugo: Foi o día adicado á Distribución, e fixéronse dous equipos que foron a pechar áreas comerciais e supermercados das grandes cadeas de distribución: Carrefour, Dia, Eroski, Gadis, Lidl... Pecháronse os máis importantes da cidade durante todo o día.

Despois de pechada a xornada, arredor das 18:30 un pequeno grupo de xente permaneceu nas inmediacións da área comercial de Carrefour para evitar que abrise até pasadas as 21:30 horas.

Compostela: Dende pola mañá até aproximadamente as 23.00hrs, os tractores mantivéronse en circulación polas rúas de Compostela.

Estrasburgo: Unha delegación do Sindicato Labrego Galego participa pola mañá na manifestación convocada pola Coordinadora europea – Vía Campesina (CP-VC) en Estrasburgo co obxectivo de seguir denunciando a situación de profunda crise que atravesan as produtoras e produtores de leite en Europa e tamén demandar das europarlamentarias e europarlamentarios que traballen para un cambio en profundidade da política leiteira europea. Unha delegación das e dos manifestantes, da que formou parte Lidia Senra, entrevistouse con diferentes grupos parlamentarios.

Día 15, Mércores.

Lugo: Foi o día da nova tractorada, esta vez con bastantes máis tractores que na precedente do luns. Saíuse do punto de concentración ás 12:30 e estívose circulando en caravana, arredor da Muralla até máis das 15:30, a pesares que desta vez os tractores non couperon na ronda da muralla, polo que cando uns regresaban para o punto de concentración outos aínda saían do mesmo. Ese día fíxose unha comida de confraternidade na que participaron a maioría dos e das participantes na mobilización.

Compostela: Os/as manifestantes acudimos a varios centros da gran distribución para deste xeito denunciar e visibilizar unha vez máis as prácticas comerciais que están a arruinar ao sector. Para provocar que nos radicalizáramos e que fixeramos accións en contra da cidadanía, dende a Subdelegación do Goberno ordeouse un forte dispositivo policial que impediu que saísemos cos tractores até estas grandes superficies, polo que decidimos ir camiñando.

Neste día resultou ferido nunha carga policial un gandeiro.

Día 16, Xoves.

Lugo: O día da Administración. Saíu a manifestación ás 12:00 da Fonte dos Ranchos, até o edificio administrativo da Xunta, onde nos concentramos e fixemos entrega de escritos dirixidos á Ministra onde manifestabamos que estabamos a vender o leite por menos do que nos costa produci-lo. A manifestación foi despois até a Subdelegación do Goberno, onde repetimos a entrega de escritos.

Ese día na intervención final, feita polo representante das cooperativas Xavier Taboada, presentaron o principio de acordo de Madrid; e foi o día en que Lupe Prado colleu o micrófono para denunciar que ese acordo era unha venda do sector para salvar ó Ministerio, posicionamento co que a xente estivo dacordo.

Compostela: 6.000 gandeiros/as parten en manifestación dende a explanada do mercado de gando de Amio cara a Consellería de Medio Rural, alí cinco fillas de gandeiros/as da zona de A Estrada entregaron cartas ao Conselleiro demandando actuacións políticas que rematen coa crise do sector.

Día 17, Venres.

Lugo: Este era o último día, celebramos a asemblea de despedida ás 12:00 na que interviron representantes de todas as organizacións convocantes, Lupe Prado polo SLG, onde se volveu falar do acordo, e a xente dicía "non nos vendades outra vez".

Despois saíron os tractores, novamente para o centro da cidade, coa diferenza que desta vez xa non volverían ao lugar de concentración, senón que despois de permanecer un tempo aparcados arredor da Muralla para comer, arrancaron cada un para a súa localidade de orixe, dando por rematada a mobilización.

Compostela: Ao redor do mediodía, Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, dirixiuse aos gandeiros e gandeiras reunidas na explanada de Amio para, en asemblea, coñecer a valoración do sector ao respecto da proposta apuntada dende Madrid de establecer un prezo de referencia que tomaría o de Francia (entre 0,26 e 0,28) máis transporte (0,03), co que o prezo medio (habería quen cobraría máis e quen cobraría menos), oscilaría entre 0,29 e 0,31. O sector rexeitou esta oferta de prezo, transmitíndolle ao SLG que a posición do sector leiteiro é non firmar ningún prezo por embaixo de custes de produción.

Este posicionamento foi o que o SLG levou e mantivo na reunión de Madrid, por iso non firmamos o acordo proposto.

Pola tarde tivo lugar un reparto de leite conxunto á cidadanía de Compostela como agradecemento polo apoio amosado durante toda a semana de mobilizacións na capital da Galiza.

Día 20, Luns.

Compostela: O sector improvisa unha manifestación ate a Praza do Obradoiro para esixir que pola tarde en Madrid non se asine ningún acordo por debaixo dos custes de produción.

Logo, pola tarde, pendentes do que acontecía en Madrid, Lupe Prado, en nome do SLG, transmitiu en asemblea a tódolos gandeiros e gandeiras que se atopaban na explanada do mercado de Amio as condicións que se estaban a debater en Madrid. Prado fixo fincapé en que en Madrid non se estaba a falar de prezo mínimo, senón de prezo medio, co que unhas explotacións cobrarían menos deses 0.31€ cos que a Administración pretende mercar ao sector leiteiro, malia a saber que este prezo nin tan sequera cubre os custes de produción dun litro de leite.

Día 21, Martes.

Compostela: Os tractores fican en Amio até o martes, no que ten lugar unha asemblea pola mañá para informar do acontecido o luns. Das organizacións presentes en Madrid, tan só o Sindicato Labrego Galego, que canda a COAG a nivel estatal, foron as únicas organizacións que non venderon ao sector, dirixiuse ás persoas que levaban máis dunha semana cos tractores en Compostela, para explicar o acontecido na reunión.

Dende o SLG temos claro que o obxectivo deste acordo foi desmobilizarnos.



Sonia, Sheila, Alba, Noelia e Paula na cabeceira da manifestación do xoves 16 até a Consellaría do Medio Rural, onde entregaron cadansúa carta en man ao conselleiro.



Manifestación en Lugo até os edificios administrativos, onde tivo lugar a entrega das nosas demandas por escrito.



Carme Freire (Secretaria Xeral do SLG), xunto a Charo Arredondo (da COAG), afastadas da sinatura que vendeu ao sector. O Luns día 20 en Madrid.



O SLG, a única organización galega que non asinou o acordo en Madrid, foi tamén a única que llo fixo chegar ás gandeiras e gandeiros que inda permanecían en Amio, onde se respiraba unha fonda disconformidade perante do feito de que logo de mobilizármolos durante máis dunha semana, a resolución fora a firma dun documento que nin sequera nos garante a cobertura dos custes de produción. Día 21.



Día 20, Lupe Prado dirixese a asemblea en Compostela, explicando o que estaba acontecendo en Madrid.

Unha delegación do SLG participa na manifestación do sector lácteo en Estrasburgo

Lidia Senra reúne cos eurodiputados/as da Comisión de Agricultura da UE

Unha delegación do Sindicato Labrego Galego participou o pasado 14 de xullo na manifestación convocada pola Coordinadora europea – Vía Campesina (CP-VC) en Estrasburgo.

Esta mobilización que convocada con ocasión da Constitución do Parlamento Europeo, tivo como obxectivo seguir denunciando a situación de profunda crise que atravesan as produtoras e produtores de leite en Europa e tamén demandar das europarlamentarias e europarlamentarios que traballen para un

cambio en profundidade da política leiteira europea que lle poña fin a esta crise e permita unha estabilidade para as explotacións.

Unha delegación das e dos manifestantes, da que formou parte Lidia Senra, entrevistouse con diferentes grupos parlamentarios para facerlle chegar as propostas que se están defendendo a nivel europeo.

Entre elas unha redución da produción global europea que equipare a oferta á demanda, un prezo mínimo que cubra custes e remunere

o traballo e unha redistribución da produción que permita a supervivencia do maior número posible de explotacións de leite na Unión Europea.

A defensa do sector lácteo chega a Estrasburgo nunha mobilización de máis de 1.500 persoas e 200 tractores, que percorreu as rúas de Estrasburgo e rematou fronte ao Parlamento Europeo.

Despois desta mobilización, na concentración final, as organizacións convocantes recibiron as mostras de

solidariedade e apoio de eurodeputados e eurodeputadas do grupo ALE-Os Verdes, IU e PSOE que afirmaron que apoiarían e terían en conta as propostas presentadas para a redución da cota global europea e control da produción, para fixar uns prezos mínimos do leite.

Tamén tivo lugar outro encontro cos eurodeputados e eurodeputadas que forman parte da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, e na que propuxeron ás organizacións convocantes

desta marcha, e en concreto á Coordinadora Europea Vía Campesina, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, a asistir á primeira reunión da nova Comisión de Agricultura, para “facerlle chegar as nosas propostas sobre o sector lácteo, que serán debatidas posteriormente nesta Comisión”.

Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG, participou nestas xuntanzas cos eurodeputados e eurodeputadas como responsábel do sector lácteo da Coordinadora Europea Vía Campesina.



Despois de máis de 24 h. en autobús as compañeiras/os do SLG acceden a manifestación, na imaxe parte desta delegación en Estrasburgo.



Lidia Senra dirixese aos/as manifestantes ao inicio da manifestación.



Cabeceira da manifestación cos/as representantes da Vía Campesina



Representantes da Coordinadora Europea Vía Campesina á saída da reunión cos eurodiputados/as da Comisión de Agricultura da UE.

Os grandes enganos da gandeiría da Galiza

Cando se fala de gandeiría na Galiza, normalmente falseamos tremendamente a realidade, ou o que é o mesmo, facémonos unha idea da realidade tendo en conta un soio factor: os cartos que move, o que nos dá unha idea totalmente falsa da realidade produtiva destes sectores, en especial o do vacún de leite.

É indudábel que na Galiza, falando de gandeiría, o realmente importante a todos os niveis é a gandeiría de vacún, aínda que cada vez máis vaian ganando inportancia ovelas, cabras e cabalos. Pero dentro do vacún quen se leva toda a sona é a de vacún de leite, porque se ten en conta exclusivamente criterios de movemento de diñeiro. Se tiveramos en conta criterios sociais, por exemplo de persoas ocupadas, ou o que é o mesmo: postos de traballo, xa estaríamos errados/as, xa que na Galiza as explotacións de vacún de carne son máis da dobre das de leite, para sermos concretos, as de leite rondan o 28 %, mentras as de carne representan aproximadamente o 72 % do total das explotacións de vacún.

Se temos en conta os territorios que ocupan, entón as explotacións de

carne cobran aínda maior importancia, xa que se ubican nas zonas máis montañosas e despoboadas, o que as converte nunha ferramenta fundamental para o mantemento do territorio.

A outra gran mentira é o dimensionamento, porque tamén temos posto no visor a explotación de leite que fixo grandes investimentos e mercou cota e ten unha pila de vacas, pero o certo é que eso son moi poucas: máis da metade das explotacións de vacún da Galiza teñen menos de 20 vacas, pero isto é tamén así se miramos soio nas explotacións de leite (das 12.500 con cota que comezaron esta campaña, unhas 6.500 teñen menos de 20 vacas).

Ademais na Galiza hai vacas para autoconsumo (1-2 vacas na casa) en máis de 13.000 casas (máis que explotacións con cota de leite), e o autoconsumo tamén é riqueza, e tamén

son ingresos para as familias.

Vemos entón que en Galiza ninguén fala da maioría das explotacións senón dunha élite, que, aínda que representativa, é minoritaria.

Pero o máis grave é que as políticas tamén se planifican sen ter en conta todas estas pequenas explotacións que vertebran o noso País e que manteñen o noso rural, e que como son as máis numerosas deberían ser o centro das nosas políticas, e non os flecos marxinais.

Tamén hai que contradecir a máxima que di que na Galiza xa non é posíbel a gandeiría sustentábel porque as explotacións se sobredimensionaron e carecen de base territorial que as poida manter no camiño da sustentabilidade.

Ao contrario, a maioría das explotacións aínda serven para outro modelo



O autoconsumo tamén é riqueza, e tamén son ingresos para as familias.

de produción, porque nunca abandoaron a produción tradicional, aínda que foran incorporando tecnoloxía e modernizándose, como é lóxico.

O que pasa é que se

queremos que iso sexa, hai que empezar a telas en conta e facilitarles que poidan seguir creando riqueza, postos de traballo e axudando a manter o seu entorno.

A caída do prezo da carne de coello pon en grave risco ao sector cunícola.

No 2008 pecharon o 40% das granxas do Estado

O sector dos coellos en Galiza volve a estar en grave situación provocada por unha nova caída de prezos cuns custos de produción en alza e subindo día a día.


A caída do prezo foi de máis de 25 céntimos no último mes e medio, pasando dos 1.70€, cifra moi próxima aos custos de produción, a baixar a 1,44€ nas dúas últimas semanas.

Isto está a provocar que moitas granxas se estén prantexando en serio botar o peche, xa

que nos últimos tempos non fan máis que acumular débedas. No conxunto do estado pecharon ó redor do 40 % no último ano.

A situación é ademais lamentábel para as cooperativas de produtores/as que son as primeiras que teñen que soportar os impagos. Aqueles/as que están producindo fóra de cooperativas, en moitos casos teñen problemas para que lles sirvan penso por débedas cos seus provedores.

A situación non se



debe, nestes momentos, ao exceso de carne de coello, que non sobra, pero a caída de prezo está

aí, posibelmente provocada, unha vez máis, polas grandes ofertas das grandes superficies, que

están a impor uns prezos para o consumidor/a que non cobre o gasto que a nós nos costa producila.

De prolongarse esta situación non tardarán en chegar os embargos en moitos casos, e en outros o peche da granxa, que en Galiza xa se reduciron á metade cos adversos acontecementos dos últimos tempos.

O SLG tentará reunir proximamente ó sector para mirar de iniciar algún tipo de mobilización ou de acción de denuncia desta situación.

Prevenção contra os incendios forestais

O pasado 16 de xuño o Conselleiro do Medio Rural convocou ó Consello Forestal de Galiza para presentar e analizar o Plan de Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza (Pladiga 2009), que vén a ser unha continuación do elaborado para o 2008, con aumento

na dotación de medios que actuarán no dispositivo de loita contra os lumes. Manifestámonos sobre este particular, o Sindicato Labrego Galego e a Asociación Frouma, deixando constancia da falla de sistemas encamiñados á prevención.

Non se trata só de artellar medidas de silvicultura preventiva, infraestrutura viaria e hídrica, sobre todo as que se poñen en marcha apurando a precampaña de incendios, senón que estamos a falar dunha Política Forestal de fondo, apoiada nunha correcta ordenación do territorio, que estructure o sector de cara a acadar un monte ordenado, que forme parte da sociedade en xeral e da veciñanza rural en particular, e que non sega a camiñar de costas á mesma.

Para isto faise necesario limitar as grandes extensións de monocultivos, creando mosaicos de teselas con diversidade de especies e

aproveitamentos.

Poñer en valor o monte e os seus produtos, aumentando a produción de madeira de calidade en troques da elevada cantidade de manufacturas de medio ou escaso valor, sobre todo agora que o mercado madeireiro está a sufrir unha profunda crise.

Parece bastante claro que a competencia de Galiza con outras rexións do mundo, non está na cantidade, senón na calidade da materia prima, máis cando os grandes monopolios están a importar madeira de outros países.

Promover usos alternativos ou complementarios que permitan obter rendas intermedias e facer do

monte unha fonte de sustento para as familias labregas e titulares de terreos e/ou aproveitamentos forestais.

Fomentar as agrupacións de propietarios e propietarios de cara a unha xestión conxunta que permita un mellor aproveitamento do monte e a obtención de rendas maiores.

Participar do uso social do monte, para que este se vexa como unha parte importante do patrimonio cultural que se debe preservar.

En definitiva, por en uso os milleiros de hectáreas abandonadas. Isto inclúe os centos de repoboacións que se perderon no esquecemento dende o momento de

coloca-la planta na terra. A desidia é tal que hoxe en día a maioría das persoas descoñecen a ubicación dos seus montes e, como dixo alguén "coa xente no monte non se producen incendios".

Por outra banda tamén se fixo fincapé en que no tocante ó persoal que participa nas labores de prevención, na súa acepción actual, e sobre todo na extinción, débese facer un importante esforzo na súa formación, que permita contar con peóns especializados/as nos traballos que van a realizar.

Isto permitirá unha labor máis profesional e eficaz e axudará a reducir os riscos e accidentes.

Lei de Montes

Neste mesmo foro o Conselleiro e o Director Xeral de Montes comprometéronse a que nesta lexislatura se promulgue unha Lei de Montes de Galiza.

Existe un borrador de lei traballado por tódolos axentes implicados e cun amplo consenso do Consello Forestal ó que só lle faltaba a aprobación no Parlamento.

É primordial contar cunha lei propia que regule o sector de acordo coas particularidades do país. Máis cando Galiza é das rexións con máis peso forestal e imos por detrás de 11 comunidades no que a lexislación se refire.

Informe sobre a situación do Sector da Horta presentado na Dirección Nacional do SLG-CCLL, polo Secretario de Sectores Vexetais, X. Manuel Parente Conde celebrada en Compostela o 30 de xuño.

A crítica situación do sector da Horta

Segue a tónica da campaña anterior, que calificamos de crítica, e que vén definida por:

1.-Prezos moi baixos, xa que os prezos baixan máis que o ano pasado por mor da crise, que fai que se consuman alimentos baratos. Tamén os consumidores e consumidoras teñen menos en conta factores como a calidade ou a procedencia. Estes factores son fundamentais para a supervivencia das nosas explotacións.

2.-A forte competencia das hortalizas de fóra que fan, tal como se observou na pasada campaña, cambios da estacionalidade tradicional nas vendas. Perxudícanse as vendas de produtos de cedo coma o tomate, a xudía, pemento e pataca, que acadaban prezos máis altos canto antes saísen ó mercado, e que agora experimentan incluso subida cando deixa de haber produtos no sur.

3.-Temos cada vez máis dificultades para a venda directa, por mor das restricións legais e sanitarias (*desto dimos conta amplamente no número pasado, 272 do FOUCE*).

As Cooperativas seguen en crise, incluso algunha xa pechou.

4.-Existe unha dificultade cada vez maior



do acceso a mercados medios e grandes das labregas e labregos individuais ou cooperativas medianas. Concentración moi grande de provedores por parte da distribución.

5.-As axudas, como as do CES, foron un auténtico fracaso para o sector da horta. Segue a diminuír a posibilidade de asesoramento técnico dos horticultores/as.

6.-Aínda que os prezos dos insumos non soben tanto, non baixan con respecto á campaña pasada onde o prezo do petróleo orixinou grandísimas subidas.

7.-Segue a retirarse moitos produtos fitosanitarios e existe algo de desconcerto neste aspecto.

8.-A Marca de Garantía anunciada pola Administración aínda non está en marcha.

9.-Finalmente o temporal de Xaneiro afectou a moitas explotacións que seguen pendentes das axudas para poder seguir traballando. Non hai nada seguro con respecto a este tema.

Na Denominación de Orixe Rías Baixas

O SLG asina o Contrato Homologado

O pasado 17 de xuño, o Sindicato Labrego Galego, asinou na Mesa do Viño de Rías Baixas un novo Contrato Homologado para a venda da uva na Denominación de Orixe Rías Baixas. O novo contrato, que terá unha

vixencia de 3 anos, supón un incremento no prezo da uva nun 2% con respecto ó contrato vixente até a pasada campaña, ó que deberá sumarse o IPC correspondente. Estes indicativos son de prezos mínimos.

A proposta do SLG era ben distinta, consistía nun contrato a 4 ou 5 anos como mínimo e un incremento no prezo dun 5% con respecto ó contrato anterior.

A proposta do sector industrial era manter o contrato tal como estaba sen ningún tipo de suba, agás a do IPC.

Por parte dos representantes do SLG tiñamos claro que a proposta das adegas non podía ser asumida para os viticultores/as, máis se temos en conta o incremento dos custos tanto nos produtos fitosanitarios, gasóleo, adubos, etc., e non podíamos consentir que se cercara un acordo de prezos

que non supuxera un aumento no prezo da uva.

Logo de varias horas de discusión, por parte das adegas lanzouse unha nova proposta consistente nun incremento do 2% e 3 anos de duración.

Chegados a este punto e para sorpresa nosa, tanto Xovenes Agricultores como Unións Agrarias aceptaron esta oferta e deixaron en solitario ó SLG, que manifestamos que non podíamos aceptar este acordo sen consultalo coa nosa afixación.

Quedamos en darnos unha semana de prazo e así o fixemos: O pasado 15 de Xuño no Salnés e o 16 no Porriño, sometimos

esta proposta á consideración das asembleas de afiliados/as.

É de valorar neste punto a tremenda responsabilidade dos afiliados e afiliadas do SLG. A conclusión das dúas asembleas foi clara: Tendo en conta a actual situación de crise económica que estamos a padecer, o SLG tiña que seguir apostando polo contrato homologado para manter a estabilidade en todo o sector.

Unha vez máis o SLG pon de manifesto, con esta decisión, a súa responsabilidade cara o sector vitícola, antepoñendo os intereses colectivos aos seus particulares.

Prezos mínimos para a campaña 2009

VARIEDADES TINTAS	
%Vol.	€/Kg
10,0°	0,7135 €
10,5°	0,8232 €
11,0°	0,9879 €
11,1°	0,9989 €
11,2°	1,0208 €
11,3°	1,0538 €
11,4°	1,0977 €
11,5°	1,1526 €
11,6°	1,2184 €
11,7°	1,2953 €
11,8°	1,3831 €
11,9°	1,4819 €
12,0°	1,5916 €

ALBARIÑO E CAÍÑO BRANCO

%Vol.	€/Kg
11,0°	1,0648 €
11,1°	1,0757 €
11,2°	1,0867 €
11,3°	1,0977 €
11,4°	1,1086 €
11,5°	1,1197 €
11,6°	1,1307 €
11,7°	1,1416 €
11,8°	1,1526 €
11,9°	1,1635 €
12,0°	1,1745 €
12,1°	1,1855 €
12,2°	1,2184 €
12,3°	1,2513 €
12,4°	1,2843 €
12,5°	1,3172 €
12,6°	1,3392 €
12,7°	1,3611 €
12,8°	1,3831 €
12,9°	1,4051 €
13,0°	1,4270 €

O Goberno do Estado pretende crear a I.X.P. "Viñedos de España"

UN ATENTADO AO NOSO MODELO DE VITIVINICULTURA DE CALIDADE

O Goberno do Estado, pretende aprobar este verán unha Orde pola que se recoñece e regula a indicación xeográfica "Viñedos de España" para os viños con dereito a mención tradicional "viños da terra" producidos nunha zona geográfica que se delimita. Inclúen no proxecto todos os términos municipais onde consten viñedos inscritos nos rexistros vitícolas das Comunidades Autónomas de: Andalucía, Aragón, Illes Balears, Canarias, Castilla-La Mancha, Catalunya, Extremadura, Madrid, Región de Murcia, Foral de Navarra (exceptuando oito concellos) e a Comunidade Valenciana.

Recordamos que a constitución desta Indicación Xeográfica comezou no 2006, dándolle marcha atrás no 2007 a Comisión Europea, e logo a Audiencia Nacional fallou desfavorablemente en xullo do 2008 ao recurso presentado polo Goberno da Ríoxa.

Valoramos positivo que dentro dos territorios que pretende amparar non se inclúa Galiza, pero no SLG estamos totalmente en contra da creación desta I.X.P., así como de denominacións máis amplas que o que poden ser zonas/comarcas de produción tradicional recoñecidas, con un microclima, con características do solo, variedades e prácticas culturais comúns que definan parámetros de calidade a protexer. Esta medida supón un atentado ao noso modelo de viticultura de calidade baseado na terra, nos microclimas, nas variedades autóctonas e nos rasgos culturais propios. Que sumado a liberalización das plantacións e ás axudas á promoción en países terceiros (extracomunitarios), no marco da OCM vitícola, suporán a desaparición de boa parte da vitivinicultura de calidade.

É unha cesión, da social democracia española, ás grandes multinacionais do viño, que son quenes levan tempo presionando

no sentido de darlle aos viños de mesa aspecto de viños de calidade e viños controlados, aínda que só sexa como imaxe para vestir viños de baixa calidade.

No SLG sabemos que non hai xeito de controlar tanto territorio e de establecer parámetros de calidade de lugares tan diferenciados e tan distantes. Polo que o único interese das grandes empresas do sector é facerse co mercado do viño e rematar coas pequenas e medianas empresas que fan viño de calidade baixo a garantía das Denominacións de Orixe.

Trátase de crear confusión aos consumidores/as e de acabar coas denominacións de orixe e coas verdadeiras Indicacións xeográficas protexidas. Un exemplo claro do que suporá esta medida a nivel de confusión temolo en Catalunya onde hai dez d.o. de viño e unha de cava, superpostas por outra "Denominación de Orixe Catalunya" (que abrangue todo o territorio) e agora estaría

todo elo superposto pola IXP "Viñedos de España". De xeito que calquera viñedo e adega desta comunidade poderá contar con tres mencións de calidade.

Ademais esta medida quere se aprobar nun momento onde existen axudas no marco da OCM vitícola para a promoción en países terceiros (non comunitarios) polo que en territorios lonxanos as grandes compañías do viño, cos cartos de todos, poderán facerse máis facilmente co mercado desplazando as denominacións de orixe ao competir con prezos baixos e cunha marca máis fácil de identificar, dende o punto de vista xeográfico, nestes mercados sen cultura vitivinícola.

A consecuencia desta medida vai ser a baixada do prezo do viño, pero non a costa da gran distribución como reclamamos no SLG, senón a costa da baixada do prezo da uva, nuns anos con baixadas fortes no consumo, onde o Estado Español é excedentario.

SUBMINISTRO ELÉCTRICO NO MERCADO LIBERALIZADO

A partir do 1 de xullo, para adaptarse á normativa europea, houbo unha liberalización do suministro eléctrico. Pagaremos ás comercializadoras polo consumo de electricidade. As distribuidoras non desaparecen pero limitaranse a subministrar, ao mantemento e á reparación da instalación eléctrica.

No BOE de 23 de xuño de 2009 foron publicadas os prezos da Tarifa de Último Recurso (TUR), a única que terá o prezo fixada polo Ministerio de Industria, Turismo y Comercio e á que poderán optar aquelas consumidoras e consumidores que teñan unha potencia contratada igual ou inferior a 10 Kw. O prezo, na tarifa sen discriminación horaria, é de 2,079750 €/kW mes para a potencia contratada e de 0,133245 €/kWh para a enerxía demandada.

Á hora de elixir, como consumidores/as, temos dúas opcións:

1. Potencia contratada igual ou inferior a 10 Kw:

-Non elixir ningunha opción, deixando que a compañía eléctrica nos pase á comer-

cializadora de último recurso.

-Elixir unha das comercializadoras da TUR e contratar o suministro.

-Pasar ó mercado libre (Esta opción non é recomendable, dado que non están claras as tarifas)

2. Potencia contratada superior a 10 Kw:

-Terán que pasarse ó mercado libre obrigatoriamente pero, dado que non existen tarifas podemos non contratar con ningunha compañía, manteránnos na TUR, pero o prezo publicado sufrirá un incremento trimestral dun 5% ata un prezo un 20 % superior ó prezo de referencia.

-Elixir unha das comercializadoras do mercado libre, contratando o servizo.

BONO SOCIAL

Se a túa potencia contratada é inferior a 10 kW, pásanche automaticamente a unha comercializadora de último recurso. Só estando na Tarifa de Último Recurso, poderase optar ó denominado Bono Social.

Non hai Bono Social no mercado libre.

Serán beneficiarias/os do

Bono Social de xeito automático os consumidores/as con potencias contratadas nas súas vivendas habituais inferiores a 3 kW.

Támén poderán selo, cando se acredite as condicións requiridas, os/as pensionistas de máis de 60 anos que perciban as cuantías mínimas, as familias numerosas e as familias que acrediten que todos/as están en situación de desemprego.

Están comenzando a chegar ás casas certificados da seguridade social ás/os pensionistas conforme cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as do mesmo. Coas facturas do mes de xuño e xullo, as comercializadoras teñen que adxuntar toda a información relativa ao bono social e o modelo de solicitude.

A documentación xeral constará de solicitude normalizada, fotocopia do DNI e o certificado de empadronamento expedido polo concello do titular do punto de subministro e fotocopia da última factura.

Ademais, en función da situación na que se atope,

enviarase o certificado da Seguridade Social (pensionistas) ou a fotocopia do carné de familia numerosa (familia numerosa) ou fotocopia do libro de familia xunto co certificado do concello coa listaxe das persoas empadroadas no domicilio e declaración responsable, onde figuren todos os comorponentes da unidade familiar, autorizando a comprobación dos datos, relativos á súa condición de desempregados/as, nos correspondentes rexistros públicos (familias con todas as persoas en paro).

As solicitudes remitiranse ás oficinas da distribuidora que nos corresponda ou ó número de fax, dirección de correo electrónico ou dirección de correo postal que comunique o comercializador de último recurso na súa páxina web e na súa factura. Empezarase a ser beneficiario/a ó mes seguinte de enviar a documentación completa.

RECOMENDACIÓNS

-Ollo cos descontos!!: temos que asegurarnos de se se aplican á totalidade do

importe da factura, ou só a un dos costes.

-Analizar as diferentes tarifas.

-Elixir o tipo de tarifa que máis se axuste ó noso consumo eléctrico.

-Posibles descontos aplicados por compromisos de permanencia ou por contratar coas compañías outros servizos enerxéticos como o gas.

-O cobro de servizos adicionais, como por exemplo pola lectura ou o aluguer dos contadores.

-Temos que ter moito coidado coa información que se facilite a través do teléfono,

por Internet ou a través de comerciais, xa que pode haber unha cesión de datos suficiente para que se realice un traspaso de comercializadora sen autorización do cliente. Recomendase non facilitar datos *a priori*.

É importante que a formalización do contrato por escrito, solicitando que consten no mesmo todas as condicións contractuais que rexirán os dereitos e obrigacións.

Reunión entre a Secretaría das Mulleres do SLG e a Secretaría Xeral de Igualdade

Na mañá de hoxe, Isabel Vilalba Seivane (Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG e Secretaria de Servizos ao Rural e Soberanía Alimentar) e Ana Eiras Regueira, (coordinadora técnica da Secretaría das Mulleres do SLG) mantiveron unha primeira entrevista con Marta González Vázquez, responsábel da Secretaría Xeral da Igualdade.

Neste encontro, Isabel Vilalba trasladou as principais preocupacións que como organización social agraria, baixo o punto de vista das mulleres, temos. Neste momento segue a ser prioritario acadar a titularidade compartida real nas explotacións agrarias e gandeiras. O Real Decreto aprobado durante o mes de marzo do presente ano só contempla a creación dun rexistro, tal e como se

sinala no informe do Consello do Estado, non a equiparación real en dereitos e obrigas de homes e mulleres.

Neste sentido tamén salientamos a importancia do feito de que o Goberno galego siga a manter os incentivos para que as mulleres se anoten como co-titulares, unha axuda que segundo Marta González será convocada proximamente.

Unha grande preocupación que as representantes da Secretaría das Mulleres do SLG manifestaron neste encontro foi o perigo de que a Seguridade Social bote a mulleres do Sistema Especial de Traballadoras e Traballadores Agrarios (SETA) por non chegaren a uns ingresos determinados, cuestión que afectaría a miles de mulleres en Galiza.

Os servizos de

información e asesoramento ás mulleres labregas que esta organización sindical ten en todas as comarcas galegas centraron grande parte da conversa, así coma a necesidade de seguir traballando tanto en temas de asesoramento laboral como en prevención de malos tratos, igualdade, recursos para mulleres no rural, etc.

Marta González valorou como moi importante a interlocución coa Secretaría das Mulleres do SLG, facendo constar o seu interese porque lle fagamos chegar propostas que supoñan unha mellora na calidade de vida das mulleres do rural, ou denuncias ao respecto das súas problemáticas.

Dende o SLG valoramos positivamente este primeiro encontro, agardando que a Secretaría Xeral de Igualdade se



De esquerda a dereita Marta González Vázquez, Isabel Vilalba Seivane e Ana Eiras Regueira.

faga eco das demandas e propostas que a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego elabora fronte ás múltiples necesi-

dades que arestora teñen as mulleres que viven no medio rural galego.

O SLG denuncia á Consellaría de Medio Rural ante a de Medio Ambiente

No procedemento de control da praga da *pulguilla* do carballo

Dende o SLG denunciámos ante a Consellaría de Medio Ambiente, a nula sensibilidade aos problemas ambientais derivados do uso inconsciente de agrotóxicos como medida de control da *pulguilla* do carballo (*Altica quercetorum*) pola Consellaría do Medio Rural (CMR), ao abeiro da Orde publicada o día 21 de maio de 2008 no DOG n° 97, na que se declara a existencia da praga nalgunhas zonas da Galiza.

É un escándalo que a Consellaría adopte medidas de fumigacións ao aire libre con sustancias que se atopan en moratoria e xa foron retiradas do anexo I e que van desaparecer do mercado polos efectos nocivos que teñen sobre a saúde e o medio ambiente, Directiva 91/414/CEE e (RD255/2003).

Ata o de agora temos, non SLG, constancia de que foron realizadas fumi-

gacións nos concellos de Sober, Pantón, Monforte de Lemos e Navia de Suarna, na provincia de Lugo segundo datos da propia Consellaría e confirmado polos concellos (a praga foi declarada en áreas de Lugo e Ourense).

Este proceso desenvolveuse con escasa información cara as persoas afectadas e a poboación en xeral nos concellos que abrangue a Orde.

Entendemos que é impensábel o control de dita Praga e resulta prioritario preservar as nosas arbores autóctonas e revalorizalas fronte a invasión de especies foráneas. Mais entendemos que a día de hoxe existen técnicas menos agresivas para poder facelo, como é a loita biolóxica no seo dun control integrado, ou o control biolóxico da especie.

Non sabemos quen se vai facer cargo dos danos

que poidan sufrir as persoas, en grave risco de atoparse con problemas de intoxicación ou de contaminación das súas producións.

Neste sentido a propia Orde dí que estes tratamentos non lles van repercutir economicamente ós interesados/as pero non determina quen se vai responsabilizar dos efectos *a posteriori*.

Denunciamos tamén a prepotencia de dita consellaría na falla de protocolos e normas establecidos o respecto, dende a falla de información ambiental, LEI 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Ou non é de interese para a cidadanía os efectos e consecuencias das contaminacións que van sufrir os acuíferos, a

perda da biodiversidade, as mortes dos apiarios destas zonas, o gando que pace nas veigas ou as repercusións negativas por contaminación das explotacións agrarias ubicadas nestas áreas?

Ademais, dende o SLG entendemos que a Administración non se atopa exenta de cumprir co disposto no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Igualmente, nas obrigas que este Decreto impón, tendo presente a actividade de que se trata (insalubridade, nocividade, etc), nin tampouco a Lei de Protección ambiental de Galiza.

É unha falla de responsabilidade absoluta, e esiximos que a CMR traslade á cidadanía o protocolo a seguir nestes casos, así como cales son as medidas desenvolvidas

cara unha adecuada protección e información, xa que como a propia Consellaría transmitiu: o produto aplícase mediante canóns que poden chegar a pulverizar ata os 200 metros de distancia.

Entende a Consellaría que mediante avisos nas páxinas web e bandos, notificando que haberá fumigacións mais sen sinalar a necesidade de tomar ningunha medida específica de control, se acada unha seguridade e información suficiente para a cidadanía, en relación co medio ambiente ou as producións próximas a estas fumigacións?

O Sindicato Labrego Galego reiteramos a esixencia á Administración e ás entidades locais de que cumpran coas normativas establecidas ao efecto ó igual que calquera cidadán ou cidadá do noso país.

A proposta de Charo Sanchez Parga, representante do SLG no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica

Galiza contará cun convenio co comercio minorista da alimentación

A representante do SLG, despois de propoñer e conseguir aprobar o convenio da venda directa, propuxo un convenio de colaboración co comercio minorista galego, que foi aprobado no último pleno do CRAEGA. Entendemos este convenio coma un paso máis no desenvolvemento de canles curtas de venda para as producións frescas principalmente vexetais e gandeiras no noso medio rural mais próximo as nosas explotacións.

Con este convenio de colaboración dáselle apertura a unha demanda defendida polo SLG de que é un erro vincular o produto

ecolóxico con sectores reducidos e privilexiados de consumo e a opinión de que o produto ecolóxico só pode atoparse nos lineais das grandes áreas e nas tendas especializadas.

Con esta iniciativa dase un paso máis no dereito da cidadanía a ter acceso a alimentos sans e de calidade producidos no seu entorno máis cercano.

Calquera establecemento do noso medio rural pode asinar o convenio e ofertar a veciñanza produtos ecolóxicos do país ó mesmo tempo que mantén as producións tradicionais.

Deste senso conséguese que se

abra unha nova vía de comercialización para as produtoras e produtores do noso país no seu entorno máis próximo e de xeito directo, cas seguintes repercusións nos eidos económico, social e ambiental que este tipo de iniciativas poden desenvolver no noso medio rural.

O comercio en cuestión, acepta unha serie de compromisos en canto á identificación e control do produto cunhas normas mínimas específicas e unha taxa anual e a troques recibe un cartaz indicativo, o asesoramento do CRAEGA, a lista de produtoras e produtores e das empresas do

país; ademais o CRAEGA, publicará na súa páxina web e na súa publicación, información sobre os puntos de venda asinantes do convenio.

Dende o SLG, recomendamos a tódalas persoas do sector a que vos animedes a presentar dito convenio nas vosas parroquias e comarcas e animar ó sector minorista da alimentación a diversificar e involucrase no apoio á produción local.

A copia do convenio podedes solicitála no voso local do sindicato mais próximo ou na paxina web do CRAEGA.

Renovación de compromisos asumido pol@s beneficiari@s das axudas destinadas ao fomento dos sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos

Cada beneficiari@ poderá percibir estas axudas, durante un período máximo de cinco exercicios anuais consecutivos, logo da presentación anual da renovación do compromiso. O prazo para presentar a solicitude de renovación remata o 31 de agosto de 2009.

Axudas á bonificación de custos financeiros de préstamos formalizados para a disposición dos importes dos pagamentos de axudas ás explotacións leiteiras galegas (DOG 1 de xuño de 2009)

O prazo para formalizar o préstamo con algunha entidade colaboradora rematou o 31 de xullo, as/os produtoras/es que formalizaran o préstamo poderán presentar ata o 31 de agosto, incluído, nas oficinas agrarias comarcais a solicitude de axuda.

O prazo para cancelar o préstamo pola/o beneficiaria/o será de oito días tras o ingreso do importe das axudas de pagamento único e do pagamento adicional.

Axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade (DOG do 22 de xullo de 2009)

Poderán ser beneficiarias/os destas axudas as persoas maiores de 65 anos, cumpridos con anterioridade ao 23 de xuño de 2009, persoas con discapacidade menores de 65 anos, cumpridos con anterioridade ao 23 de xuño de 2009, que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% e persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia no grao III, nivel 1 e 2 e no grao II, nivel 1 e 2.

Tamén poderán solicitar estas axudas as persoas que teñan solicitado o recoñece-

mento da súa situación de dependencia con anterioridade ao 22 de xullo de 2009.

A través desta liña de axudas subvencionarase a adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda, a adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos no sistema sanitario e a adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o vindeiro 22 de agosto.

IMPORTANTE: VIDA LABORAL ACTUALIZADA

Debido a que cada vez é máis frecuente que a Administración para realizar determinados trámites requira unha copia da vida laboral é importante que todas e todos teñamos a vida laboral actualizada.

Nos supostos que non se teña este documento sería con-vinte solicitar unha copia á Seguridade Social.

Para realizar este trámite poden acudir ao local do SLG máis próximo coa seguinte documentación: **número de afiliación á Seguridade Social e DNI.**

Cesións temporais de cota láctea

O prazo para presentar as solicitudes de autorización de cesións de cota láctea comezou o 22 de xuño de 2009 e rematará o 28 de febreiro de 2010.

Renovación de compromisos asumidos pol@s beneficiari@s das axudas destinadas ao fomento dos sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos

Cada beneficiari@ poderá percibir estas axudas, durante un período máximo de cinco exercicios anuais consecutivos, logo da presentación anual da renovación do compromiso.

O prazo para presentar a solicitude de renovación remata o 31 de agosto de 2009.

Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias (DOG 14 de xaneiro de 2009)

Mediante estas axudas téntase promover a afiliación á Seguridade Social de persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias de Galiza, especialmente das mulleres, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

As persoas beneficiarias deste programa durante o ano 2008, soamente deberán presentar a solicitude no modelo normalizado que figura como anexo I na Orde de convocatoria.

A axuda correspondente ao ano 2008 varía, en función da persoa beneficiaria, entre os 30,65€ mensuais e os 76,62€ mensuais e a correspondente ao ano 2009 varía entre os 31,25€ mensuais e os 78,13€ mensuais.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata ata o 30 de setembro de 2009.

Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres (DOG 16 de xullo de 2009)

As axudas poderán ser solicitadas polas asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, na área de actuación da muller.

Concederanse axudas económicas para compensar gastos sempre que fosen realizados entre o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro de 2009.

Os gastos subvencionables serán os gastos correntes derivados do mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres ou das súas federacións e os gastos derivados do desenvolvemento de programas e actividades destinados á promoción e á formación de mulleres.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda xunto coa documentación que se require remata o 17 de agosto de 2009

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Mitsubishi Pajero 2500 ano 1994
Seat Panda
Roto Alpacadora Gallinana.
Contacto Martín
TLF. 609.31.14.16 ou
988.30.46.21

Tanque de frío ALFA LAVAL de 250 litros,
TLF: 986548219 ou
619900871

Sá de ordeño de seis puntos. TLF: 648187857
Rabaño de ovelas e cabras.
TLF: 982 178 988
A partir das 21,00

Arado KUHN modelo 465 de importación con reseta variable e punteiras
precio 2000€ (Severino)
TLF: 630 84 86 43

Circuito de ordeño WESTFALIA, bomba de 400, con 4 puntos de ordeño, 2 hileras, 30 plazas e lavado automático. Prezo a convir
TLF: 630 84 86 43 (Severino)

Rotativa marca KHUN de cinco discos.
TLF: 696 004 515

Véndense becerros cebados de mais de 140 kilos criados na Serra do Suído (O Covelo - Pontevedra)
TLF: 986-668820; 626-442294 ou 699-833797

Invernadero BITUMEL de 700 metros cadrados.
TLF: 679970504

Desensiladora marca MU-LLOSA moi bo prezo
TLF: 982 157 245 /
636 86 30 82

30 rolos de herba seca. O Corgo, Lugo.
TLF: 982 176 748

Motor marca deutz 4 cilindros con bomba rovat enroillador hidrotec de 300 metros 250 tubos de 4" (A Limia)
TLF: 660 83 88 43 e
639 72 53 37

2 máquinas seminovas, BERTOLINI BCS.
TLF: 981 669 245 (Lourdes)

Camada de cachorros de Pastor Belga, negros. A nai filla de campeón do estado (Zar).
TLF: 982.164051 / 660.442.783

Vacas frisonas.
TLF: 982.332065

4 llantas de marca Mon de coche de 5 buracos remolque de tractor preparado para fardos de herba Coche Audi 80.
TLF: 686596260 (Ovidio)

Rolos de herba seca de boa calidade en Vilachá de Mera (Lugo). Chamar polas tardes. 18 €/unidade.
TLF: 666 826 910

Segadora rotativa de dous platos de 1,85 de corte marca AUSAMA, 3 campañas estado impecable
TLF: 620.571.533

3 parcelas en Cabaleiros- Tordoia,
TLF: 696 98 92 02

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF: 982/50-57-55

Por abandono vóndense vacas de leite e xovencas, rolos de silo, silo de pienso de 8.000kg dividido, circuíto de catro puntos, tanque de frío 1100l., autocargador en bo estado. Zona de Monfero
TLF: 659 213 085

FORD TRANSIT CONNECT 1.8 TDCI ANO 2003 (8000€ transferido)
Chamar de 5 a 10 horas.
TLF: 639 006 214

Máquina de coser industrial económica e en bo estado, preguntar por: María
TLF: 986656269

Touro Frisón de 15 meses.
TLF: 679-38-29-90 (Suso)

Véndese cuba de madeira en bo estado.
TLF: 982 172663
Chamar de 14 a 15 horas.

Véndese 4 vacas 2 limosine e 2 do país. José Manuel (Outes)
TLF: 981 856110

Vendo un cabalo inteiro de 3 anos, manso a bo prezo.
TLF: 630 56 13 10

Vendo vacas rubias
TLF: 689 752 400

Xaulas de coellos novas, seminovas a moi bo prezo
Tel: 649531430/639772811

Tanue Alfa Laval 545 litros 5 anos de uso.
TLF: 628-29 36 34

Remolque para transporte de rolos de herba
TLF: 657 361 197
de 13 a 14 e de 21 22

Millo para silo
TLF: 639.50.32.10

Motosegadora BERTOLLINIEN moi bo uso (ten os primeiros dedos/dentes) tamén dispoñíbel con remolque.
TLF: 650.22.01.84

Pisón e grade de dentes + circuíto alfa laval 3 puntos + tanque do frío 550L + remolque de tractor. Por abandono zona de Boimorto
TLF: 660-48-58-56

Ovos de Galiña Piñeira e Galiña Negra.
Telf: 665 64 77 93 (A Coruña)

Máquinas de limpar o trigo e un muiño eléctrico e un arado grabante.
TLF: 982 175 132

Lousa de pizarra e muiño de pedra eléctrico.
tlf: 981.798.742

Participación en S.A.T. na provincia de Lugo
TLF: 679545951

Por xubilación vóndese mezcladora de cereais, bigas de ferro de 7 m de longo e outro material de uso gandeiro.
TLF: 982 218 636 (noites)

60 rolos de herba seca, 10 rolos de palla. En Barónclle (Abadín)
TLF: 982 178970

Vacas de carne. Arzúa
TFNO. 626 31 50 59

Tolva arrastrada con portas laterais de 8.000 kg con reductor na cinta con piño desmontable
TLF: 650 019 275

Véndese participación en S.A.T. na provincia de Lugo.
TLF: 669 180 312

Coche sen carnet en perfecto estado, motor 2 tempos. BON PREZO (negociable).
TLF: 627 474 820

Touro limusin de 5 anos, moi manso, con carta xenealóxica.
TLF: 982 207 733 /
685 884 257

Sala de ordeño MELKER, 3 puntos, lavado automático. Gontaz, Carballo
Tlf 651 86 11 32, José

Vacas frisonas: Boa xenética, control leiteiro, media de produción 9.600 l., media calificación 81, libre IBR-BVD. Granxa do Ferreiro. Muros - Alto Xestoso - Monfero
TLF: 610962132 / 626250993 / 981196919

Touro rubio galego. Moi guapo e moi manso.
TLF: 981 196 923

Rabaño de 75 ovelas e 10 cabras, con puntos, no concello de Paradela.
TLF: 982 15 7436 (noites)

Sala de muxir
TLF: 648 187 856

40 ferrados de herba seca en Ambroa (Irixoa)
TLF: 646730416

Boi do país dun ano e medio
TLF: 636 984 730

Becerras (dúas rubias e unha rubia de aquitania)
TLF: 982 39 10 08

Vaca de leite de primeiro parto con carta
TLF: 626 334 770

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF: 982 50 57 55

- 5 vacas, dúas delas preñadas
- Abonadora cun ano de uso.
- Arado de cinco sachos.
- Arado de vertedeira.
- Cisterna en moi bo estado matriculada
- Segadora DCS matriculada
- Fresadora inglesa en bo estado
- Tanque de frío de 500 litros
- 2 caldeiros de ordeñar de 40 litros de aceiro inoxidable
TFNO: 981798681

Herba seca a bo prezo. Lugo.
TLF: 659 643 489

Cachorros de mastín.
TLF: 649 541 773 en Friel

COMPRAS

Merco cabras e ovelas para explotación no Courel.
TLF: 617211528 / 648147520 (Pilar)

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria. Zona entre Alto Xestoso e Xermade.
TLF: 627 950 681.

Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais.
Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.
TLF: 686 753 105.

Ofrécese chófer para maquinaria agrícola.
TFNO: 629651172

Ofrécese peón para explotación agraria ou gandeira. Preguntar por: Juan TLF: 620162893

Fanse todo tipo de traballos agrarios: desbroces de montes, carreteras, plantacións, podas.
TLF: 629 870 302 (Alberto)

Mozo neozelandés estudante de veterinaria ofrécense para traballar e facer prácticas en explotación. Con experiencia en prácticas en Nova Zelanda.
ddaliaga@gmail.com

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia

Plans de mellora, formación e investigación;
medidas para a incorporación da mocidade;
proxectos de dinamización; contratos de
explotacións sustentables; cooperativismo;
industria agroalimentaria e forestal;
produccións de calidade; infraestruturas
rurais; valorización do monte; recuperación
forestal; novas tecnoloxías; programa
LEADER...

**Unha oportunidade para ti,
unha realidade para o noso rural**



!
Infórmate nas axencias
agrarias comarcais
e nas delegacións
territoriais
da Consellería
do Medio Rural